

TEMA III

Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

Linguas minorizadas son aquelas linguas que están en situación de desvantaxe ou desequilibrio con respecto a una lingua dominante coa que comparten territorio. Moitas veces cualifícanse por defecto como minoritarias, equiparándose ambos termos, cando a realidade non é sempre así. Hai linguas minorizadas que son maioritarias, é dicir, cunha porcentaxe de falantes superior á da lingua dominante, por exemplo, o sardo, lingua minorizada, na illa de Sardeña ten máis falantes que o italiano, lingua dominante. Ademais, o concepto de lingua minoritaria é relativo pois depende do marco de referencia no que nos situemos. Por exemplo, o español é lingua maioritaria en España, pero minoritaria nos EEUU.

Polo tanto, trátase de dous conceptos distintos. A lingua minoritaria ten unha dimensión cuantitativa (*cantos falantes a empregan?*) e oponse a lingua maioritaria. A lingua minorizada sen embargo, independentemente do número de falantes que teña, adquire unha dimensión cualitativa e funcional (*que funcións comunicativas desempeña, para que se usa?*) e oponse a lingua dominante.

Cando una lingua é minorizada recibe a presión dunha lingua dominante que tende a provocar a súa marxinación e mesmo a súa desaparición. De aí que falemos de conflito lingüístico, como vimos xa no tema I, cando os falantes da lingua minorizada esixen espazos comunicativos. Para superalo cómpre pór en marcha o que se coñece como **proceso de normalización**, que forma parte á súa vez dunha actuación social máis ampla denominada planificación lingüística, na que están implicados todos os axentes comunicativos: os cidadáns, as institucións de carácter público e privado, a Administración e todos os grupos sociais.

A lingua galega comezou o seu proceso de normalización co Rexurdimento do século XIX, cando se incorpora progresivamente a distintos espazos sociais aos que anteriormente non tiña acceso. Cando no último terzo do século XX lle foi recoñecido o seu carácter de lingua cooficial, comezou una nova etapa no seu proceso normalizador.

Neste proceso, aínda que non son os únicos, constitúen un papel importante as institucións públicas. Na Xunta de Galicia existe una Secretaría Xeral de Política Lingüística desde 1983 que ten como obxectivo a promoción do

galego na administración e na sociedade en xeral. Resulta evidente que, tras máis de 25 anos de planificación lingüística, non se conseguiu o obxectivo, xa que non se detivo a progresiva substitución do galego polo castelán e a perda de falantes é un dos graves problemas aos que se enfronta o galego nos anos vindeiros.

Durante estas décadas as actuacións institucionais centráronse fundamentalmente en catro aspectos:

1º.- A mellora da competencia en galego a través de cursos de formación.

2º.- A introdución do galego en espazos nos que estivera marxinado (empresas, asociacións, medios de comunicación, etc.) mediante a concesión de axudas e subvencións con este fin.

3º.- O financiamento da Compañía de Radio Televisión de Galicia desde 1985, contribuíu a asociar o galego con connotacións moi diferentes ás tradicionais, aínda sendo críticos coa calidade da súa programación.

4º.- A extensión do galego nas novas xeracións para o cal se centraron todos os esforzos no ámbito do ensino non universitario. Agora ben, os resultados non foron os esperados, xa que, se é certo que houbo un avance na competencia escrita, si que se percibe sen embargo unha importante limitación á hora de normalizar as destrezas orais (a capacidade para falar do alumnado) debido, entre outras causas, á escasa presenza do galego como lingua vehicular entre a mocidade. Ámbitos como o familiar, o cine, a música, os medios de comunicación, internet, o ciberespazo.... nos que se move a xuventude teñen se cabe máis impacto ca o ensino á hora de normalizar hábitos lingüísticos e son ámbitos, sen embargo, con pouca ou ningunha actuación normalizadora.

Polo tanto, detéctanse algunhas eivas na política lingüística aplicada ata este momento que resumimos nos seguintes puntos:

1º.- A falta de formación en planificación lingüística do persoal responsable.

2º.- O incumprimento toral ou parcial da normativa legal establecida, como consecuencia da falta de control e inspección.

3º.- O indecuaado seguimento e valoración dos investimentos realizados, que non foi en absoluto efectivo.

4º.- Maior repercusión das iniciativas dos axentes normalizadores privados: movementos, asociacións e organizacións que interveñen en diferentes ámbitos da vida social con menor dotación económica.

5º.- Obsérvase desde as institucións un uso litúrxico e meramente simbólico, que pode acabar constituíndo un novo perigo para o galego, na medida que supón a súa ritualización nada efectiva para a súa normalización.

Pero o éxito da normalización lingüística depende tamén, como dixemos anteriormente, da normalización da realidade galega no seu conxunto, na iniciativa libre e espontánea dos cidadáns e o certo é que a este respecto non son aínda maioritarias as manifestacións tendentes á normalización da lingua.

As principais eivas da política lingüística institucional aplicada ata o momento resumímolas nos seguintes puntos:

1º.- A falta de formación en planificación lingüística do persoal responsable.

2º.- O incumprimento total ou parcial da normativa legal establecida, como consecuencia da falta de control e de inspección.

3º.- O inadecuado seguimento e valoración dos investimentos realizados.

4º.- O uso litúrxico e meramente simbólico que adquiriu o galego nos espazos públicos que o confinou a una ritualización nada efectiva.

Sen dúbida que os logros obtidos foron moitos, tendo en conta que se partía de cero, pero insuficientes na medida que non resultaron efectivos pois non conseguiron extender a lingua ás novas xeracións, que é agora mesmo o principal reto e o máis difícil de lograr no camino do normalización.